MIGUEL SANTALICES VIEIRA Presidente do Parlamento de Galicia

“Hai que rachar mentiras como que tras ser deputado tes unha pensión”

MÓNICA NOGUEIRA
Santiago

{Bande, 1955} Con 25 anos foi nomeado director de ambulatorio, dende a súa condición de médico e desenvolveu unha traxectoria moi longa en postos directivos, e de responsabilidade política dende 1997, cando chega ao Parlamento. Sempre nas quinielas para conselleiro de Sanidade, bromea que por non telo sido “estou aquí”. *Foto: Ramón Escuredo*

Confesa que sempre lle gustou traballar coas “portas abertas” e non pensa cambiar. Con vinte anos ás súas costas traballando no Pazo do Hórreo, Santalices sente orgullo de coñecer a todos os funcionarios da Casa e de ter moi boas relacións con moitos deputados. Pensa que queda un período de sesións e que “en seis meses aínda se pode facer moito”. No seu obxectivo está que os debates parlamentarios volvan a “xerar a atención da sociedade”, e pensa que só así os políticos poderán recuperar o recoñecemento da sociedade.

Ter chegado a presidente do Parlamento de Galicia é o broche de ouro á súa carreira?

Coido que si, porque nunca pensei chegar aquí, aínda que son consciente de que accedo á Presidencia da Cámara porque se produce unha vacante inesperada, ao marchar a presidenta Pilar Rojo ao Congreso. Pero non impide que sinta orgullo, aínda que como dirían na miña vila: isto vénche de rebote!

Conta con que o presidente Feijóo esgote a lexislatura?

Penso que si, aínda que iso só hai unha persoa que o poida saber {Alberto Núñez Feijóo}. Díxonos que queda un período de sesións longo e de contido. Creo que está na liña de traer cousas interesantes a este Parlamento. O último pleno está previsto para xullo.

Marcouse algún obxectivo?

Na primeira lexislatura o presidente díxome: a ver se agora que chega un médico á Comisión de Sanidade poñemos dunha puñetera vez en marcha o botiquín. E hoxe temos un bo botiquín e médico. Agora gustaríame, se puidera ser, que os debates parlamentarios recobrasen aquela forza de debater para xerar a atención da sociedade. Gustaríame que a nosa xente recuperase a atención que antes tiña cara á primeira institución do país, como é o Parlamento.

Se o lograse, baixaría a desafección dos cidadáns cara ós políticos?

Se conseguimos que a sociedade estea atenta a onde se lexisla, recuperariamos, que boa falta nos fai, a dignidade dos políticos, o seu prestixio e recoñecemento. Eu que levo aquí moitos anos, cada ano que vai pasando isto vai a peor. Xa sei que todos os políticos non son iguais, pero nos están degradando e machacando, cada día que pasa perdemos máis credibilidade. Non temos tanta afinidade coa xente e iso deteriora moito a relación cos cidadáns.

Ser político xa non viste moito

Hai xa moita xente que é político e se define coa súa outra profesión. E antes era unha satisfacción dicir son deputado. Hoxe un di: si, son deputado, pero... son médico. É un sentir que vexo, obvialo sería non estar na realidade do que está a pasar.

Cree que parte do problema é o que pasa no Parlamento?

Claro. Temos que facer que o comentario na rúa non sexa: para que coño imos mirar o que pasa no Parlamento s aí o único que fan é matarse. Creo que a isto deberiamos darlle unha volta.

A xente tamén pensa que cobran moito para o que fan

Fálase tantas cousas das retribucións dos deputados que creo que é bo acabar con moitas delas. Hai que rachar mentiras como que despois de ser deputado tes unha pensión. Non a hai xa tampouco para os deputados a nivel estatal.

Os salarios tamén son parte das críticas

Os deputados teñen unhas retribucións dignas. Lévase debatido moito disto. Eu teño algunha proposta que comentándolla a algún compañeiro meu, xa me dixo: escusas de comentala porque non vai ter éxito ningún.

E cal é a proposta da que fala?

Pois establecer o soldo a partir do salario do que cobraba cada un ao chegar o Parlamento incrementado un dez ou quince por cento, cun tope máximo por arriba, como 65.000 euros ao ano, por exemplo. E establecer unha cantidade mínima por debaixo, tamén digna, porque non todo o mundo ten unha profesión, nin ten que ter unha profesión para ser deputado. Hai que marcar un mínimo que se tería que pactar, e moverse nesa horquilla. Eu non son partidario de que existan esas diferenzas de retribucións entre parlamentos en toda España, pero niso non podo facer nada.

Pero, canto cobra agora un deputado en Galicia?

É difícil de dicir porque se é presidente de comisión ou outros cargos tes un pequeno plus, pero unha retribución media dun parlamentario, non quixera equivocarme, coas comisións que ten deberá estar arredor dos catro mil e pico euros, aínda que algún pode que non chegue. Un soldo moi digno.

E que di da corrupción? Está intimamente ligada á falla de credibilidade dos políticos

O outro día falaban de que facer contra a corrupción. Eu digo: non facela. Poñer todo tipo de trabas. Aquí se están dando pasos, a Lei de Transparencia, por exemplo. Isto da corrupción é un fenómeno estendido, aparecen demasiados casos e isto mete no paquete a todo o mundo. É terrible.

> “Se conseguimos que a sociedade preste atención a onde se lexisla, recuperaremos a dignidade dos políticos”

> “Non creo que favoreza en nada a liorta . Non vou tolerar insultos, nin expresións contra o honor e a intimidade”

> “O último pleno está previsto para xullo”

Pero, que teñen que facer?

Os primeiros que debemos facer un esforzo somos os propios políticos e dende o propio Parlamento, buscando poñer todo tipo de trabas para que non se poida producir a corrupción. Ao mellor algo se poderá escapar, pero non é o mesmo que se escape coa facilidade que se lle podía escapar antes de poñer trabas. E creo que hai que tomar algunhas determinacións: se algunha persoa levou indebidamente, por exemplo, un millón de euros, dous... terá que haber a maneira de recuperalos. É importante e bo que teñamos que facer declaración de bens, ao chegar e ao marchar.

Chega á Presidencia da Cámara nun momento moi complicado, de tensión política e cunhas eleccións ás portas, como vai xestionar esta situación?

Gústame o debate parlamentario no que se manteñan as regras, e gústame incluso aguerrido, de combate, de oposición, eu pasei por esas tamén. Nalgunhas cousas pódese marcar unha certa flexibilidade, como no tema dos tempos de intervención. Ata é bo ter un ambiente distendido no Parlamento, o que contribúe a que a Cámara sexa máis agradable e levadeira. Pero hai outros casos nos que si se debe observar o Regulamento dunha forma estrita, que para iso está.

Coa tensión electoral a liorta está case que servida

Non creo que favoreza en nada a liorta, e non vou tolerar insultos, situacións que dalgunha maneira vulneren o honor dunha persoa ou institución. Hai algún parlamentario ou grupo que cre que a sobreescenificación de determinadas cousas pode ter un resultado positivo. Eu entendo que non. E, en todo caso, iso deberiamos intentar corrixilo.

Sempre estivo vinculado ao ‘baltarismo’, que lle parece que Manuel Baltar, sometido a unha investigación xudicial, se presente á reelección como presidente do PP de Ourense?

Eu considérome baltarista, unha persoa leal. Entrei en política da man de Xosé Luis Baltar, do que aprendín a estar nos problemas da xente. E eu falar de José Manuel Baltar e política, si. Falar de José Manuel nun aspecto persoal, familiar, non, para iso xa hai moitas cadenas de televisión, e eu non o fago. Creo que decidiu ben presentarse á reelección no congreso do mes de marzo.